

DECLARACIÓN RESPONSABLE E MEMORIA INSTALACIÓN

1.- TITULAR DA INSTALACIÓN.

INTERESADO	
Denominación	CIF
<input type="text"/>	<input type="text"/>
Dirección (rúa, lugar, número, ...)	
<input type="text"/>	
Correo electrónico	Teléfono
<input type="text"/>	<input type="text"/>
REPRESENTANTE (deberá de acreditar dita condición)	
Denominación	CIF
<input type="text"/>	<input type="text"/>
Dirección (rúa, lugar, número, ...)	
<input type="text"/>	
Correo electrónico	Teléfono
<input type="text"/>	<input type="text"/>

2.- DESCRICIÓN DA INSTALACIÓN.

IDENTIFICACIÓN DA INSTALACIÓN	
Denominación	Tipo (ex. inchable)
<input type="text"/>	<input type="text"/>
Data	Horario
<input type="text"/>	<input type="text"/>
Lugar	Descrición da instalación:
<input type="text"/>	<input type="text"/>
	<input type="text"/>

EN CASO DE ESCENARIOS MÓBILES	
Data	Horario
<input type="text"/>	<input type="text"/>
Lugar	Tipo de espectáculo
<input type="text"/>	<input type="text"/>
	<input type="text"/>

Identificación da tractora		Identificación do escenario	
Matrícula	ITV en vigor ata	Matrícula	ITV en vigor ata
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>

3.- EMPRAZAMENTO.

Lugar onde vai ter lugar a actividade/espectáculo	
Referencia catastral	Propietario
<input type="text"/>	<input type="text"/>
A actividade levarase a cabo en espazos:	
Espacios delimitados cun número de asistentes e participantes previsto de:	
Superior ou igual a 5.000 persoas <input type="checkbox"/>	Inferior a 5.000 persoas <input type="checkbox"/>
Edificios pechados permanentes non desmontables cubertos total ou parcialmente cun aforo de:	
Igual ou superior a 1.000 persoas <input type="checkbox"/>	Inferior a 1.000 persoas <input type="checkbox"/>
Instalacións pechadas desmontables ou de tempada cubertos total ou parcialmente cun aforo de:	
Igual ou superior a 1.500 persoas <input type="checkbox"/>	Inferior a 1.500 persoas <input type="checkbox"/>
Espacios non delimitados cun número de asistentes e participantes previsto de:	
Igual ou superior a 10.000 persoas <input type="checkbox"/>	Inferior a 10.000 persoas <input type="checkbox"/>

4.- ENERXÍA ELÉCTRICA.

Acometida á rede xeral <input type="checkbox"/>	Xenerador eléctrico <input type="checkbox"/>
Pequeno xenerador <input type="checkbox"/>	Outros <input type="text"/>

5.- TIPO DE INSTALACIÓNS.

Palcos <input type="checkbox"/>	Escenario móvil <input type="checkbox"/>
Bar <input type="checkbox"/>	Atraccións de feira <input type="checkbox"/>
Inchables <input type="checkbox"/>	Xenerador eléctrico <input type="checkbox"/>
Carpa <input type="checkbox"/>	Outros <input type="text"/>

6.- DOCUMENTACIÓN QUE SE ACHEGA XUNTO COA DECLARACIÓN:

Lei 10/2017 de Espectáculos Públicos e Actividades Recreativas de Galicia. Artigo 40.2.b e

c): b) Coa declaración responsable, na cal a persoa interesada manifesta, baixo a súa responsabilidade, que cumpre todos os requisitos establecidos na normativa vixente para o exercicio da actividade, que dispón da documentación que así o acredita, que a poñerá á disposición da Administración cando lle sexa requirida e que se compromete a manter o cumprimento das anteriores obrigas durante o período de tempo inherente ao dito exercicio, deberase achegar, de ser o caso, a documentación que figura a seguir, agás que esta xa estea en poder ou fose elaborada por calquera administración, suposto en que se observará o indicado no artigo 28 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas:

1º) Se for o caso, a autorización, o informe ou a declaración ambiental que proceda, de conformidade coa normativa específica aplicable.

2º) O proxecto e a documentación técnica que resulte exixible segundo a natureza da actividade. Para estes efectos, enténdese por proxecto o conxunto de documentos que definen as actuacións que se van desenvolver, co contido e detalle que lle permita á Administración coñecer o seu obxecto e determinar o seu axuste á normativa urbanística e sectorial aplicable. O proxecto e a documentación técnica serán redactados e asinados por persoa técnica competente.

3º) A póliza de seguro de responsabilidade civil obrigatorio, previsto na normativa en materia de espectáculos públicos e actividades recreativas de Galicia, e o recibo de pagamento das primas correspondentes ao período do seguro en curso ou a copia destes.

4º) O documento acreditativo da dispoñibilidade do establecemento ou espazo aberto ao público en calidade de propietarios/as ou arrendatarios/as ou en virtude de calquera outro título xurídico.

5º) Se for o caso, o certificado, a acta ou o informe de conformidade emitido polas entidades de certificación de conformidade municipal reguladas nesta lei.

6º) O documento acreditativo asinado polo/a interesado/a da designación da persoa física ou xurídica que debe asumir a responsabilidade técnica da execución do proxecto e que debe expedir a certificación que acredite a adecuación do espectáculo público ou da actividade recreativa aos requisitos exixibles.

7º) Calquera outra documentación que veña exixida pola normativa aplicable.

c) Para a celebración de espectáculos públicos e actividades recreativas que requiran a montaxe de estruturas non permanentes desmontables, será preciso achegar, xunto coa documentación requirida nas alíneas a) e b), a seguinte documentación:

1º) O documento acreditativo da designación, por quen presente a declaración, da persoa física ou xurídica que debe asumir a responsabilidade técnica da montaxe da instalación.

2º) A marcación CE e a declaración CE de conformidade das instalacións que correspondan segundo as súas características e o certificado da instalación de baixa tensión de conexión coa rede.

3º) Calquera outra documentación que veña exixida pola normativa aplicable.

3. O custo dos informes, das certificacións e das actas de verificación ou control de funcionamento e de revisión será por conta dos/as solicitantes."

7.- DECLARACIÓN RESPONSABLE.

O/a abaixo asinante declara:

Ser certos os datos aportados e orixinais ou copia dos mesmos da documentación que se achega, e que se compromete a cumprir coas especificacións anteriormente descritas para dar cumprimento así a Lei 9/2013, do 19 de decembro, de emprendemento de competitividade de Galicia así como o establecido na Lei 10/2017, do 27 de decembro, de espectáculos públicos e actividades recreativas de Galicia, no Decreto 226/2022, do 22 de decembro, polo que se regulan determinados aspectos da organización e desenvolvemento dos espectáculos públicos e actividades recreativas e se constitúe o Rexistro de Empresas e Establecementos, ou calquera outra que lle sexa de aplicación contando para elo coa documentación que así o acredita, que a poñerá á disposición da Administración cando lle sexa requirida e que se compromete a manter o cumprimento das anteriores obrigas durante o tempo inherente ó exercizo.

Do mesmo xeito comprométese a cumprir con outras autorizacións e requisitos que sexan

necesarias tales como realización de pagos á Sociedade Xeral de Autores, alta na Seguridade Social e estar ó corrente de pago do persoal participante na actividade, formación no seu caso, en manipulación de alimentos nos postos que así o requiran, lexislación sobre bebidas alcohólicas, cumprimento de horarios, prevención de riscos laborais ou calquera outro requisito ou autorización que por normativa sectorial se requira.

Comprometerse a que por parte das diferentes instalacións descritas nesta declaración se presente en prazo e forma e a documentación requirida para a súa instalación e funcionamento e a que se este feito non fose levado a cabo a non realización de ditas instalacións.

INFORMACIÓN RELEVANTE DO PROCEDIMENTO.

A declaración responsable presentada cumprindo con tódolos requisitos constitúe un acto xurídico particular que habilita para o inicio da actividade ou faculta para a apertura do establecemento, e de ser o caso, para o inicio da obra ou instalación e faculta á Administración Pública para verificar a conformidade dos datos que se conteñen nela.

A declaración non constitúe unha autorización administrativa tácita, senón unicamente a transmisión da información correspondente para efectos do coñecemento municipal e de posibilitar a intervención mediante control posterior, sen prexuízo das facultades de inspección ordinaria. A actividade/instalación comunicada poderá ser inspeccionada durante todo o tempo en que se leve a cabo.

A declaración presentada produce efectos entre a persoa/entidade titular da actividade ou instalación e o Concello, salvo dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros. En ningún caso altera as situacións xurídicas privadas entre aquela e as demais persoas. De conformidade co artigo 69 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, a comunicación previa permitirá o exercicio ou o recoñecemento dun dereito ou ben o o inicio dunha actividade **desde o día da súa presentación**, sen prexuízo das facultades de comprobación, control e inspección que teñan atribuídas as Administracións Públicas.

O incumprimento das condicións da declaración ou dos requisitos legais da actividade será causa de ineficacia e habilitará ó Concello para a súa declaración logo de audiencia ó interesado/a.

A inexactitude, falsidade ou omisión de carácter esencial, de calquera dato, manifestación ou documento que se achegue ou incorpore á declaración suporá, logo da audiencia ó interesado/a, a declaración de ineficacia da declaración efectuada e impide o exercicio do dereito da actividade ou instalación afectada desde o momento en que se coñece, sen prexuízo das sancións que poida proceder impoñer a tales feitos sin perjuicio das responsabilidades penales, civís ou administrativas a que houbera lugar.

A resolución administrativa que constata estas circunstancias comportará o inicio das correspondentes actuacións e a existencia de responsabilidades e podera determinar a obriga do interesado de restituír a situación xurídica ó momento previo ó recoñecemento ou ó exercicio do dereito ó inicio da actividade correspondente, así como a imposibilidade de instar un novo procedemento durante un período de tempo determinado de entre tres meses e un ano.

Quen exerza a titularidade das actividades/instalacións deberá:

- Garantir que se manterán as mesmas condicións que se tiñan cando estas foron iniciadas, así tamé como adaptarse ás novas condicións que posteriores normativas establezan.
- Comunicar ó órgano competente, cando se produza, calquera cambio relativo nas condicións ou as características da actividade ou da instalación.
- Será, en todo caso, necesaria unha nova declaración nos casos de modificación da clase de actividade, cambio de localización, reforma substancial dos locais ou instalacións o calquera cambio que implique unha variación que afecte á seguridade, salubridade ou perigosidade do establecemento.
- Unha copia selada da presente declaración deberá de estar a disposición e exhibila en caso de que o requira a autoridade competente.

INFORMACIÓN SOBRE PROTECCIÓN DE DATOS PERSOAIS (RXPD 2016/679 e LOPDGDD 3/2018)

RESPONSABLE DO TRATAMENTO: CONCELLO DE PONTE CALDELAS; **FINALIDADES DO TRATAMENTO:** A xestión da súa solicitude e a tramitación administrativa que no seu caso se poida derivar da mesma; **LEXITIMACIÓN PARA O TRATAMENTO:** O cumprimento dunha tarefa en interese público ou o exercicio de poderes públicos, segundo o artigo 6.1.e) do RXPD. Consentimento das persoas interesadas, cando corresponda (artigo 6.1.a do RXPD); **DESTINATARIOS DOS DATOS:** As Administracións Públicas no exercicio das súas competencias, cando sexa necesario para a xestión da súa solicitude.; **PRAZO DE CONSERVACIÓN:** Os datos proporcionados conservaranse durante o tempo necesario para cumprir coas obrigas legais do Responsable; **EXERCICIO DE DEREITOS:** As persoas interesadas poderán solicitar o acceso, rectificación ou supresión dos seus datos, así como exercitar outros dereitos ou retirar no seu caso o consentimento outorgado a través da sede electrónica, no enderezo Avda. de Galicia, nº 17, 36820 Ponte Caldelas, Pontevedra ou enviando un correo electrónico a dpd@pontecaldelas.org; **CONTACTO DELEGADO DE PROTECCIÓN DE DATOS E INFORMACIÓN ADICIONAL:** dpd@pontecaldelas.org

ASIMISMO DOUME POR ENTERADO DE QUE A NON PRESENTACIÓN DA DOCUMENTACIÓN COMPLETA NO PRAZO DE 10 DÍAS HÁBILES ANTES DA CELEBRACIÓN DO EVENTO SUPÓN A INEFICACIA DA PRESENTE.

Concluída a instalación e antes da súa posta en funcionamento, o solicitante deberá de presentar a certificación de instalación ou montaxe subscrita por técnico competente ou por unha entidade de certificación de conformidade municipal (ECCOM), na cal se acredite que as instalacións reúnen as medidas necesarias de seguridade e solidez de todos os seus elementos.

8.- SINATURA.

Lugar e data:

Asinado.

SR. ALCALDE PRESIDENTE DO CONCELLO DE PONTE CALDELAS.

Modelo aprobado por Resolución de Alcaldía 337/2023